



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en maio de 2024

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de maio do ano 2024 acadou a cifra de 1.077.292 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de abril de 2024 de 8.957 afiliacións (0,84%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.321.794, rexistrando un incremento do 1,04% con respecto ao pasado mes de abril.


Na comparativa interanual (maio de 2024 con maio de 2023) obsérvase un aumento de 18.207 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,72%) e un aumento do 2,43% (506.395 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril de 2024, rexístrase un aumento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Illes Balears cun incremento do 9,30%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Madrid, Canarias e Illes Balears con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>21.321.794</b>	<b>220.289</b>	<b>1,04</b>	<b>506.395</b>	<b>2,43</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.077.292</b>	<b>8.957</b>	<b>0,84</b>	<b>18.207</b>	<b>1,72</b>
Andalucía	3.458.831	18.149	0,53	64.452	1,90
Aragón	623.469	13.934	2,29	13.776	2,26
Asturias	384.592	2.704	0,71	6.600	1,75
Illes Balears	622.275	52.949	9,30	20.719	3,44
Canarias	910.114	918	0,10	31.374	3,57
Cantabria	231.803	2.034	0,89	2.857	1,25
Castilla La Mancha	781.289	11.479	1,49	8.293	1,07
Castilla y León	974.741	9.556	0,99	19.177	2,01
Cataluña	3.806.364	42.194	1,12	90.131	2,43
Comunitat Valenciana	2.151.346	10.082	0,47	56.405	2,69
Extremadura	413.927	4.526	1,11	625	0,15
Madrid	3.698.453	22.895	0,62	134.318	3,77
Murcia	668.589	8.257	1,25	16.241	2,49
Navarra	311.263	3.089	1,00	4.733	1,54
País Vasco	1.019.213	5.497	0,54	16.627	1,66
La Rioja	139.945	2.601	1,89	2.378	1,73
Ceuta e Melilla	48.287	468	0,98	-520	-1,07

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,39%, seguida de Pontevedra (1,50%), Ourense (0,85%) e Lugo (0,63%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,84%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual positiva: Pontevedra (0,94%), Ourense (0,88%), A Coruña (0,78%) e Lugo (0,71%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	469.386	3.642	0,78	10.960	2,39
LUGO	125.639	888	0,71	792	0,63
OURENSE	106.253	927	0,88	895	0,85
PONTEVEDRA	376.014	3.500	0,94	5.560	1,50
<b>GALICIA</b>	<b>1.077.292</b>	<b>8.957</b>	<b>0,84</b>	<b>18.207</b>	<b>1,72</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>21.321.794</b>	<b>220.289</b>	<b>1,04</b>	<b>506.395</b>	<b>2,43</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,20% das afiliacións galegas en maio de 2024, aumentaron un 1,05% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,38%. En España estas taxas foron do 1,17% con respecto a abril de 2024 e do 2,73% en relación ao mes de maio de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,92%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,76%) e Ourense (-1,16%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,20%) e A Coruña (0,05%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,32%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2024, suben as afiliacións en Pontevedra (0,31%) e A Coruña (0,20%), mentres que baixan en Lugo (-0,09%) e Ourense (-0,05%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,16%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,97% e unha subida intermensual do 0,37%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a maio de 2023, baixan as afiliacións na Coruña (-6,08%), Pontevedra (-4,76%) e Lugo (-4,67%). A taxa galega acadada entón o -5,12%, inferior á de España (-1,52%). Con respecto a abril de 2024, A Coruña (-3,39%), Pontevedra (-0,68%) e Lugo (-0,16%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un descenso do 1,41% con respecto a abril de 2024. A taxa nacional é do 2,11%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	469.386	0,78	2,39
LUGO	125.639	0,71	0,63
OURENSE	106.253	0,88	0,85
PONTEVEDRA	376.014	0,94	1,50
GALICIA	1.077.292	0,84	1,72
ESPAÑA	21.321.794	1,04	2,43
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	380.235	0,97	3,05
LUGO	92.872	1,00	1,56
OURENSE	83.846	1,13	1,40
PONTEVEDRA	296.276	1,15	2,08
GALICIA	853.229	1,05	2,38
ESPAÑA	17.880.205	1,17	2,73
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.023	0,20	0,05
LUGO	31.365	-0,09	-1,76
OURENSE	22.407	-0,05	-1,16
PONTEVEDRA	67.707	0,31	0,20
GALICIA	205.502	0,16	-0,32
ESPAÑA	3.377.222	0,37	0,97
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.128	-3,39	-6,08
LUGO	1.401	-0,16	-4,67
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.031	-0,68	-4,76
GALICIA	18.560	-1,41	-5,12
ESPAÑA	63.466	2,11	-1,52

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>